

No bico un cantar 2016



Nenas e nenos cantan aos

TROBADORES



PRESENTACIÓN

*Quando eu a San Mamede fui
e non vi meu amigo, con quen quisera falar
a mui gran sabor nas ribeiras do mar,
sospirei no corazón e dixei assi:
—Pois i non vén, sei unha ren:
por mi se perdeu, que nunca lli fiz ben.*

O trobador Johán de Cangas achéganos a estas ribeiras do mar dacabalo dos versos amargos na boca da amiga. O seu lamento esténdese polas mainas ondas da ría de Vigo para se abrazar ás cantigas de Martín Códax, Meendinho, Pero Vivieaz e tantos outros compositores que converteron esta costa en escenario privilexiado das súas fermosas coitas poéticas. Por iso, o concerto *No bico un cantar*, na súa edición dedicada aos trobadores, non podía escoller mellor lugar ca este. Cangas acolle a festa da música e da palabra que reúne cincocentas nenas e nenos de toda Galicia, dirixidos pola batuta de Maximino Zumalave e acompañados dos metais de Hércules Brass. E van catro. Santiago de Compostela cantou a Rosalía de Castro, Celanova lembrou a Curros Enríquez e Cambados vibrou con Ramón Cabanillas. O recital é xa unha cita ineludible que xunta, todos os primeiros venres de xuño, as partituras e os poemas dos nosos creadores e creadoras máis senlleiras. Nesta ocasión, a iniciativa do Consello da Cultura Galega e da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, coa colaboración do Concello de Cangas, quere honrar o herdo dos trobadores dos séculos XIII e XIV, a «gloriosa lírica gallega», tal e como foi cualificada por Antón Villar Ponte en *Nuestra afirmación regional*.

O escritor viveirense foi un dos grandes artífices das Irmandades da Fala. Neste 2016 conmemoramos o centenario do nacemento daquel case medio cento de agrupacións locais que traballaron entusiastamente pola modernización e difusión da cultura galega. «Interésanos máis un coro galego que un deputado en Cortes por Galicia» chegou a afirmar Antón Villar Ponte, e boa proba desta arela foi a creación nese tempo dos coros Cántigas da Terra (1916), Real Coro Toxos e Froles (1914), Coral de Ruada de Ourense (1918) e Cántigas e Agarimos (1921). Un século despois e seguindo a vontade divulgadora das Irmandades, o concerto *No bico un cantar* tráenos as voces de rapazada de toda Galicia. Ao alumnado dos conservatorios profesionais das sete cidades súmanse desta volta nenas e nenos do CMUS e da ESMU de Cangas e da ESMU de Moaña para cantar os versos dos nosos trobadores medievais.


Para o repertorio do concerto, o profesor Henrique Monteagudo escolleu catro pezas que representan a produción poética da época, unha produción que ascende a máis de dous milleiros de cantigas profanas e relixiosas. Escoitaremos a *Canção do marinheiro* de Lourenço, *Pois nosas madres van a San Simón* de Pero Vivíez, *Quantas sabedes amar. Ondas do mar de Vigo* de Martín Códax e *Rosa das Rosas* de Afonso X. Dalgunhas destas cantigas herdamos tamén a música, caso das *Cántigas de Santa María* de Afonso X e dos versos de Martín Códax recollidos no famoso *Pergamiño Vindel*. O recoñecido compositor brasileiro Heitor Villa-Lobos creou a música da *Canção do marinheiro* de Lourenço. Finalmente, *Pois nosas madres van a San Simón*, obra de encarga realizada por Rogelio Groba para o Consello da Cultura Galega e de estrea absoluta. O concerto concluirá, como xa é tradición, co poema

Maio longo de Rosalía de Castro, musicado por José Baldomir. Estas composicións foron versionadas para coro e sexteto de metais polo compositor e membro da Sección de Música e Artes Escénicas Juan Durán.

Rematou ese longo mes de maio e chegou por fin a luz do solsticio de xuño. Canda el, soa por riba das ondas, de san Mamede a Vigo, pasando por san Clemenço do mar e san Simón, a *Canção do marinheiro* do trobador Lourenço:

*Unha moza namorada
dizia un cantar de amor,
e dise ela: "Nostro Señor,
hoje eu fose aventurada
que oíse o meu amigo
como eu este cantar digo".*

Máis de sete séculos despois da súa escrita, seremos nós as persoas afortunadas que sentiremos como unha polifonía de máis de cincocentas voces infantís o que estes cantares nos din.



Programa

Galliard Battaglia
Samuel Scheidt

Fuga en sol m
Johann Sebastian Bach

Quantas sabedes amar - Ondas do mar de Vigo
Martín Códax

Rosa das rosas
Afonso X o Sabio

Fanfarria Rhaptosodya Nº. 1
Paul Dukas / Javier Viceiro

Canção do marinheiro
Lourenço - Heitor Villa-Lobos

Pois nosas madres van a San Simón (ESTREA)
Pero Viviaez - Rogelio Groba

Maio longo
José Baldomir

Adaptación para coro e sexteto de metais
Juan Durán Alonso

Intérpretes
Hércules Brass
Maximino Zumalave

Quantas sabedes amar-Ondas do mar de Vigo

Autor e compositor: Martín Códax
Transcrición: Higinio Anglés

Versión para coro de nenos e sexteto de metais de
Juan Durán para o Consello da Cultura Galega (2016).

Revisión do texto por Henrique Monteagudo.

Quantas sabedes amar amigo
treides comigo ao mar de Vigo
E bañar-nos-emos nas ondas.

Quantas sabedes amar amado
treides comigo ao mar levado
E bañar-nos-emos nas ondas.

Treides comigo ao mar de Vigo
e veerémo-lo meu amigo
E bañar-nos-emos nas ondas.


Treides comigo ao mar levado
e veerémo-lo meu amado
E bañar-nos-emos nas ondas.

Coro

Quantas sabedes amar-Ondas do mar de Vigo

Versión para coro de nenos e sexteto de metais
(segundo a transcrición de Higinio Anglés)
de Juan Durán para o Consello da Cultura Galega (2016)

Allegretto



Quan - tas sa - be - des a - mar a - mi - go, _____
Quan - tas sa - be - des d'a - mor a - ma - do, _____
Tre - des co - mi - go, a lo mar de Vi - go, _____
Tre - des co - mi - g'a lo mar le - va - do, _____



trei - des co - mi - - - g'a lo mar de Vi - go, _____
trei - des co - mi - - - g'a o mar le - va - do, _____
e ve - - re - - - mos o meu a - mi - go, _____
e ve - - re - - - mos o meu a - ma - do, _____



e ba - - - nar - nos e - mos nas on - das.



On - das do mar de Vi - go, _____
On - das do mar le - va - do, _____
Se vis - tes meu a - mi - go? _____
Se vis - tes meu a - ma - do? _____



se vis - tes meu a - mi - go? _____ E _____
se vis - tes meu a - ma - do? _____
o por - que eu sos - pi - ro? _____
por - que ei gran coi - da - do? _____



ai Deus, se ve - rrá ce - do!

Rosa das rosas

Autor: Afonso X o Sabio

Harmonización: Mariano Pérez Gutiérrez

Versión para coro de nenos e sexteto de metais de
Juan Durán para o Consello da Cultura Galega (2016).

Revisión do texto por Henrique Monteagudo.

*Rosa das rosas e fror das frores,
Dona das donas, Señor das señores.*

Rosa de beldade e de parecer
e Fror de alegría e de prazer,
Dona en mui piadosa seer,
Señor en toller coitas e doores.
Rosa das rosas e fror das frores

Atal Señor debe ome muito amar,
que todo mal o pode guardar;
e pódelle os pecados perdoar,
que faz no mundo per maos sabores.
Rosa das rosas e fror das frores

Devémola muito amar e servir,
ca puña de nos guardar de falir;
des y dos erros que nos faz repentir,
que nós fazemos come pecadores.
Rosa das rosas e fror das frores

Esta dona que teño por Señor
e de que quero seer trobador,
se eu per ren posso haber seu amor,
dou ao demo os outros amores.
Rosa das rosas e fror das frores

CORO

Rosa das rosas

(Versión para coro de nenos e sexteto de metais)

Cantiga X do Rei Afonso X

Arranxo de Juan Durán sobre unha harmonización de
Mariano Pérez Gutiérrez para o Consello da Cultura Galega (2016)

Con delicadeza

Ro - sa das ro - sas et fror das
fro - res, Do - na das do - nas, Sen - nor das sen - no - res.
Ro - sa de bel - da - d'e de pa - re - zer et Fror d'a -
le - gri - a et de pra - zer, Do - na en mui pi - a -
do - sa ser Sen - nor en to - ller coi - tas et do - o - res.
A tal Sen nor de - v'o - me mui - t'a - mar,
De - ve - mo - la mui - t'a - mar et ser - vir,
Es - ta do - na que ten - no por Sen - nor
que de to - do mal o po - de guar - dar,
ca pun - na de nos guar - dar de fa - lir,
et de que que - ro se - er tro - ba - dor,
et po - de - l'os pe - cca - dos per - dõ - ar,
des i dos e - rros nos faz re - pen - tir,
se eu per ren po - ss'a - ver seu a - mor,
que faz no mun - do per ma - os sa - bo - res.
que nós fa - ze - mos co - me pe - ca - do - res.
dou a o de - mo os ou - tros a - mo - res.

Canção do marinheiro

Autor: Lourenço

Compositor: Heitor Villa-Lobos

Versión para coro de nenos e sexteto de metais de Juan Durán para o Consello da Cultura Galega (2016).

Revisión do texto por Henrique Monteagudo.

Unha moza namorada
Dizia un cantar de amor,
E dise ela: "Nostro Señor,
Hoje eu fose aventurada
Que oíse o meu amigo
Como eu este cantar digo".

A moza ben parecía
E en sa voz manseliña
Cantou e dise a meniña:
"Prouguese a Santa Maria
que oíse o meu amigo
como eu este cantar digo".

Cantaba mui de corazón
E mui fremosa estaba,
E dise, quando cantaba:
"Peço eu a Deus por pediçon
que oíse o meu amigo
como eu este cantar digo".

CORO

Canção do marinheiro

Música de Heitor Villa-Lobos. Versión para coro de nenos e sexteto de metais de Juan Durán para o Consello da Cultura Galega (2016)

Lento

Hu - nha mo - ça na - mo - ra - da di -

8

zi - a hum can - tar d'a mor e diss' el - la Nos - tro se - nhor

15

oj' eu fos - se a - ven - tu - ra - da que vis - se o meu a - mi - go co - mo eu

21

es - te can - tar di - go, ah! Tres

29

mo - ças can - ta - ban d'a - mor mui fre - mo - si - nhas pas - tor - as

35

mui coi - ta - das dos a - mo - res e diss' en - du - nha m'ha se - nhor Di -

42

ze - de, a - mi - gas, co - mi - go o can - tar do meu a - mi - go...

Pois nosas madres van a San Simón
ESTREA

Autor: Pero Vivíaez
Compositor: Rogelio Groba

Música de Rogelio Groba (2016) para coro infantil e sexteto de metal encargada polo Consello da Cultura Galega para este concerto.

Revisión do texto por Henrique Monteagudo.

Pois nosas madres van a San Simón
de Val de Prados candeas queimar,
nós, as meniñas, puñemos de andar
con nosas madres, e elas entón
*queimen candeas por nós e por si,
e nós, meniñas, bailaremos y.*

Nosos amigos todos lá irán
por nos veer, e andaremos nós
bailando ante eles, fremosas, en cóis;
e nosas madres, pois que alá van,
*queimen candeas por nós e por si,
e nós, meniñas, bailaremos y.*

Nosos amigos irán por cousir
como bailamos, e poden veer
bailar y mozas de bon parecer;
e nosas madres, pois lá queren ir,
*queimen candeas por nós e por si,
e nós, meniñas, bailaremos y.*

[B 735/V336]

Pois nosas madres van a San Simón

(para coro infantil e sexteto de metal)

Voces

Música: R. Groba (2016)
Texto: Pero Vivíaez
[Adaptación de Henrique Monteagudo]

The musical score is written for two vocal parts: Nenas (Soprano) and Nenos (Alto). It is in 3/4 time with a tempo of 84. The key signature has two flats (B-flat and E-flat). The score is divided into three systems. The first system (measures 1-4) begins with a fermata and a forte (f) dynamic. The lyrics are: "Pois no - sas ma - dres". The second system (measures 5-8) continues with lyrics: "van a San Si - món de Val de Pra - dos can - de - as quei -". The third system (measures 9-12) includes a fermata, a piano (p) dynamic, a "Div." (divisi) instruction, and a mezzo-forte (mf) dynamic. The lyrics are: "mar, nós, as me - ni - ñas, pu - ñe - mos dean - dar con".

Nenas

no - sas ma - dres, e e - las en - tón _____ *f* quei - men can -

Nenos

Nenas

de - as por nós e por si, _____ *p* e nós, me - ni - ñas, _____

Nenos

Nenas

f bai - la - re - - - mos y, _____ **6**

Nenos

f _____ **6**

Nenas

mf No - sos a - mi - gos to - dos lá i - rán _____ *f* por nos

Nenos

Nenas

veer, _____ *mf* e an - da - re - mos nós _____ *f* bai - lan - do an - te e - les, fre -

Nenos

Nenas

mo - - - sas, en _____ *ff* cós; _____ *mf* e no - sas ma - dres,

Nenos

Nenas

f pois quea - lá van, _____ *f* quei - men can - de - as por nós e por

Nenos

f _____ *f*

Nenas

si, _____ *p* e nós, me - ni - ñas, _____ *ff* bai - la - re - - -

Nenos

ff _____ *ff*

Nenas

66

mos y. _____

6

p No - sos a -

Nenos

Nenas

76

mi - gos i - rán por cou - sir co - mo bai - la - mos, e po - den

f *mf*

Nenos

Nenas

81

veer bai - lar y mo - ças de bon pa - re - cer; e no - sas

f

Nenos

f

Nenas

86

ma - dres, pois lá que - ren ir, quei - men can - de - as por

ff

Nenos

ff

Nenas

91

nós e por si, e nós, me - ni - ñas, bai - la -

p *ff*

Nenos

ff

Nenas

96

re - - - mos y. Pois

f

Nenos

f

Nenas

107

no - sas ma - dres van a San Si - món de Val de

Nenos

Nenas

112

Pra - dos can - de - as quei - mar, nós, as me - ni - ñas, pu -

Div.

p

Nenos

117

Nenas

Nenos

ñe - mos dean - dar _____ *mf* con no - sas ma - dres, e e - las en -

122

Nenas

Nenos

tón _____ *f* quei - men can - de - as por nós e por si, _____ *p* e

127

Nenas

Nenos

nós, me - ni - ñas, _____ *f* bai - la - re - - - mos

132

Nenas

Nenos

y. _____ **10**



Maio longo (Follas novas)

Autor: Rosalía de Castro
Compositor: José Baldomir

Versión para coro de nenos e sexteto de metais de
Juan Durán para o Consello da Cultura Galega.

Maio longo... maio longo,
todo cuberto de rosas,
para algúns telas de morte;
para outros telas de vodas.

Maio longo, maio longo,
fuches curto par min:
veu contigo a miña dicha,
volveu contigo a fuxir.

CORO

Maio longo

(Versión para coro de nenos e sexteto de metais)
Texto de Rosalía de Castro, música de José Baldomir
para o Consello da Cultura Galega

$\text{♩} = 52$

Ma-io lon go, ma-io lon - go, to-do cu ber to de ro -
sas, pa.ra.al - gúns te-las de mor - te, pa-ra.ou - tros te-las de bo - das.
Ma-io lon-go, ma-io lon - go, to-do cu-ber-to de ro - sas,
pa.ra.al - gúns te las de mor - te, pa-ra.ou - tros te-las de bo - das. Ma io
lon-go, ma - io lon - go, fú-ches cur-to pa-ra mín, _____ veu con-
mi-go mi-ña di - cha, vol-veu con-ti-go.a fu - xir. _____ veu con-
mi-go mi-ña di - cha, vol-veu con-ti-go.a fu - xir. _____ Ma-io
longo, ma io lon - go, to-do cuberto de ro - sas, pa.ra.al - gúns telas de mor - te,
pa-ra.ou - tros te-las de bo - das. _____ Ma-io lon go, ma io lon - go, _____

MARTIN CODAX

Xograr, seguramente galego e probablemente natural da ría de Vigo ou proximidades, activo probablemente no terceiro cuartel do século XIII. Os cancioneiros recollen sete cantigas da súa autoría, tamén transmitidas polo Pergamiño Vindel.

PERO VIVIAEZ

Xograr ou trovador, probablemente de orixe galega, probablemente activo no segundo terzo ou no terceiro cuartel do século XIII. Talvez identificable cun burgués denominado Pedro ou Pero Viveyz / Vivianis, documentado entre 1228 e 1267 en Caldelas e Sobrado de Trives. É autor de dúas cantigas de amor, outras dúas de amigo e catro satíricas.

LOURENÇO

Xograr, probablemente galego, pero activo nas cortes rexias de Afonso III de Portugal e Afonso X de León e Castela no terceiro cuartel do século XIII. Estivo ao servizo do trovador Johan Garcia de Guillade, e é autor de dezaioito cantigas transmitidas polos cancioneiros, dúas de amor, sete de amigo e dez satíricas, entre as que salientan as tenzóns con Guillade, Johan Soares Coello, Johan Perez de Avoin, e Martin Moxa, entre outros trovadores.

AFONSO X

Naceu en 1221 en Toledo, faleceu en 1284 en Sevilla, e reinou en Castela, León e Andalucía desde 1252. Grande impulsor da cultura literaria, mecenas entusiasta da lírica trobadoresca, que despregou o seu período de esplendor na súa corte literaria, é o responsable das *Cantigas de Santa María* e autor de corenta e catro cantigas profanas, a maior parte delas de carácter crítico ou satírico.

HEITOR VILLA-LOBOS

Nacido en Río de Xaneiro en 1887, é o compositor de música clásica máis recoñecido de América do Sur. Comezou dende moi mozo a súa formación musical, co estudo e interpretación do violoncello e da guitarra. Antes de cumprir os vinte anos, decidiu abandonar a formación académica no Instituto Nacional de Música e comezou a traballar en bandas musicais que percorrían o Brasil. Nestas viaxes coñeceu e anotou moitos ritmos e temas populares que despois influirían notablemente nas súas obras. Tras a súa primeira viaxe etnomusical polos estados nororientais do Brasil compuxo, xa en 1909, os *Cánticos Sertanejos*. De regreso en Río de Xaneiro, proseguíu a súa formación co estudo dos clásicos. Dende 1923 ata 1930, Villa-Lobos viviu en París, onde entrou en contacto con grandes músicos como o pianista Artur Rubinstein ou o compositor de vangarda Edgar Varèse. De volta no Brasil, en 1931 foi nomeado director de Educación Musical e encargouse de organizar o sistema educativo musical do país. Posteriormente levou a cabo a fundación do Conservatorio Nacional.

O seu estilo compositivo nunca se circunscibiu a ningunha norma académica. A súa música sempre foi moi persoal, creando unha linguaxe propia e distinta, empapada da cultura popular e da música clásica europea, aínda que tamén utilizou elementos procedentes do impresionismo, expresionismo, clasicismo, música barroca ou técnicas politonais. Outra característica da súa obra, á parte das influencias adquiridas nas súas estadias en Europa e Estados Unidos, é a intención de plasmar os sons da natureza na música. Compositor prolífico, entre as súas composicións salientan 13 sinfonías, destacando as *Bachianas Brasileiras* e a *Sinfonía nº 10*, coñecida co nome de *Amerindia*.

Considerado o maior compositor do século XX no Brasil é, con Antonio Carlos Gomes, un dos representantes do nacionalismo musical brasileiro. O 5 de marzo, coincidindo coa data do seu nacemento, celébrase o Día Nacional da Música Clásica.

Faleceu en Río de Xaneiro o 17 de novembro de 1959.

ROGELIO GROBA

Naceu o 16 de xaneiro de 1930 nunha pequena aldea da provincia de Pontevedra, Guláns. Os seus costumes e forma de vida agraria resumían aquela Galicia profunda: verdes e frondosas paisaxes en que relixión e superstición coexistían.

Os seus primeiros contactos coa música viñeron a través da Banda Unión de Guláns, na que comezou tocando o frautín antes de facerse cargo, con 17 anos, da dirección da agrupación.

MAXIMINO ZUMALAVE

Mentres tanto estudaba no Real Conservatorio de Música de Madrid, onde obtivo o título superior en Composición, con primeiros premios en Harmonía e en Contrapunto e Fuga. En 1962 trasladouse a Suíza, país onde residiu sete anos e dirixiu numerosas agrupacións con grande éxito, como demostra o feito de que naquel tempo se chegasen a realizar catro «Festivals Groba» como recoñecemento do seu labor artístico.

De volta a España, foi nomeado director da Banda-Orquestra Municipal da Coruña, cargo que exerceu durante 23 anos. Ao tempo fundou a Orquestra do Conservatorio Superior de Música da Coruña e a Orquestra de Cámara Municipal. Foi profesor de Contrapunto e fuga, Harmonía e Composición no devandito Conservatorio, que dirixiu durante 20 anos. Tamén fundou varios conservatorios dentro da xeografía galega.

Da súa discografía destacan a gravación feita pola Stuttgart Kammerorchester baixo a dirección de Maximino Zumalave de *Cantigas de Mar e Intres boleses* ou as realizadas pola London Symphony Orchestra: *Gran Cantata Xacobeá* (dobre CD), co coro London Voices; *Concerto para violín e orquestra nº 2 «Confidencias»*, con Pedro León como solista (nas dúas ocasións dirixida polo propio Groba); e *Concerto nº 1 para cello e orquestra «Fauno»*, dirixido por Andrew Litton e con Mats Lidstrom como solista. Tamén cómpre salientar as feitas pola Orquestra de Cámara Galega do *Concerto para dous violíns e orquestra «Arcaico»* (no que actúan como solistas o seu fillo Rogelio e mais Javier Cedrón), do *Concerto nº 2 para cello e orquestra «Añoranzas»* (coa súa filla Clara como solista) así como da suite *Intres boleses*.

Autor de ensaios e libros como 252 alalás, dende 1990 dedícase só á creatividade musical, eido en que foi recoñecido co Premio Internacional de Composición Dante Luini (convocado pola Radio Televisión Suisse Romande, 1972), o Premio da Crítica Galega (1979), o Premio Xunta de Galicia da Cultura (1992), a Medalla Castelao (1995), o Premio Internacional de Composición Auditorio de Galicia (2004) ou o nomeamento como Fillo Predilecto da súa vila natal en 2005. É membro do Instituto José Cornide de Estudos Coruñeses, da Real Academia Galega de Belas Artes e da Real Academia de San Fernando de Madrid.

Dende 2002 preside a Fundación Rogelio Groba.

Director e pianista compostelán, formouse musicalmente en Santiago, Madrid, Viena e Stuttgart. Foi discípulo de Ángel Brage, Rosa Sabater, Guillermo González, John Elliot Gardiner e Helmuth Rilling. Fundador e director do Coro Universitario de Santiago e do Collegium Compostellanum, principal director invitado da Orquestra Sinfónica de Galicia (1992-1995) e director asociado da Real Filharmonía de Galicia, formación da que foi fundador. Director asociado da Escola de Altos Estudos Musicais de Galicia e profesor de Sinfonismo nos Cursos Universitarios Internacionais de Música en Compostela. Con Maximino Zumalave actuaron solistas como J. Achúcarro, T. Barto, M. Bayo, E. Bitetti, R. Buchbinder, R. Castromil, A. Ciccolini, J. Colom, V. Gens, V. Georghiu, W. Holzmaier, as irmáns Labèque, N. Lahusen, A. de Larrocha, A. León Ara, Ch. Margiono, A. Nafé, M. Orán, A. Rolfe Jonson, G. Sandor, J. Soriano, I. Vermillion e F. P. Zimmermann, entre outros. Frecuente e moi especial é a súa colaboración con Teresa Berganza en diferentes países de Europa.

Dirixiu importantes formacións tanto estranxeiras como españolas, como a Orquestra de Cámara de Stuttgart, The English Chamber Orchestra, Sinfónica de Praga, Orquestra da Ópera Nacional de Sofía, Nacional de Lille, Sinfónica de Odense, Sinfónica de Porto, The Brabants Orchester (Eindhoven), Orkest van het Oosten (Enschede), English Baroque Soloist, Bach Collegium, Nacional de España, Sinfónica de Madrid, Ciudad de Barcelona, Sinfónica de Tenerife ou a Orquestra Ciudad de Granada, entre outras.

Foi invitado a participar en xurados e a presidir importantes certames e premios internacionais.

En febreiro de 1995 foi elixido académico de número da Real Academia Galega de Belas Artes Nosa Señora do Rosario. Dende 2010, é membro do Plenario e coordinador da Sección de Música e Artes Escénicas do Consello da Cultura Galega, e dende o ano 2014 é membro da Comisión Executiva. En xuño de 2008 o Consello da Xunta de Galicia concedeulle a Medalla Castelao.

HÉRCULES BRASS. QUINTETO DE METAIS

Hércules Brass somos 5 músicos, utilizamos 4 instrumentos diferentes (trompeta, trompa, trombón e tuba), procedemos de 3 provincias distintas, pensámolo todo 2 veces e temos 1 denominador común, adoramos a música! Dende ben pequenos vivimos rodeados de músicos, a nosa primeira meta foi debutar coa banda de música da nosa localidade e dende aquela temos claro que queriamos dedicarnos á música.

Despois de anos de formación en Galicia e no estranxeiro, na Orquestra Nova da Sinfónica de Galicia, a Escola de Altos Estudos Musicais de Santiago de Compostela e a Joven Orquesta Nacional de España (JONDE), formamos o noso proxecto, Hércules Brass Quinteto de metais. Unha aposta pola boa música, alta calidade a través dun traballo refinado.

Grazas a esta dedicación actuamos en Galicia, Zamora, País Vasco, IX Curso Internacional Semana Musical de Salceda de Caselas, Festival Spanish Brass Alzira 2013, Festival Ticino Musica 2013 (Suíza). E cabe destacar a actuación como solistas coa Orquestra Nova da Sinfónica de Galicia así como unha gravación en Radio Clásica no programa Música Joven.


Alejandro Vázquez, trompeta; Víctor Manuel Vilariño, trompeta; Javier González, trompa; Esteban Méndez, trombón; Rodrigo Rodríguez, tuba.

ROSA ANEIROS

Rosa Aneiros (Meirás-Valdoviño, 1976) é xornalista e traballa no Consello da Cultura Galega. Colabora habitualmente en distintos medios de comunicación. En 1999 presentou a súa primeira novela, *Eu de maior quero ser*, á que seguiron *Corazóns amolecidos en salitre* (2002), *Resistencia* (Xerais, 2003, Premio Arzobispo San Clemente, 2003), *O xardín da media lúa* (2004), *Veu visitarme o mar* (Xerais, 2004), *Ás de bolboreta* (Xerais, 2009, Premio Fundación Caixa Galicia de Literatura Xuvenil, Premio Fervenzas Literarias ao Mellor Libro Xuvenil, 2009 e Premio The White Ravens [Internationale Jugend Bibliothek], 2010), *Sol de Inverno* (Xerais, 2009, Premio Xerais de Novela, 2009 e Premio Fervenzas Literarias a Mellor portada adultos, 2009).

A súa última obra literaria é a triloxía que narra a intrépida viaxe de Leo A., un periplo por distintas cidades do mundo que lle permite descubrir que as cousas non sempre son como as soñamos. Ás veces resultan moito mellores. A triloxía, integrada polos títulos *Ámote Leo A. Destino xalundes* (Xerais, 2013), *Ámote Leo A. Estación de tránsito* (Xerais, 2014) e *Ámote Leo A. Terminal de chegadas* (Xerais, 2014), foi galardoada co Premio Libro do Ano Infantil e Xuvenil, 2013, outorgado pola Federación de Libreiros de Galicia.





Organizan

Consello da Cultura Galega
Xunta de Galicia. Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria
Concello de Cangas

Colaboran

Vegalsa-Eroski
Torre de Núñez
Cooperativa Hoxe

Agradecementos

Conservatorio Profesional de Música da Coruña
Conservatorio Profesional de Música Xan Viaño de Ferrol
Conservatorio Profesional de Música Xoán Montes de Lugo
Conservatorio Profesional de Música de Ourense
Conservatorio Profesional de Música Manuel Quiroga de Pontevedra
Conservatorio Profesional de Música de Santiago de Compostela
Conservatorio Profesional de Música de Vigo
Conservatorio Profesional de Música de Cangas
Escola Municipal de Música «Mestre Inocentes Camaño» de Cangas
Escola Municipal de Música de Moaña

Gráfica
Imago Mundi

Imprime
Gráficas Brial

Depósito Legal
C 000-2016

No bico un cantar 2016



Menas e nenos cantan aos

TROBADORES



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA



XUNTA
DE GALICIA



Concello de Cangas

